

PRESENTACIÓN

No ano 1994 tiven a satisfacción de presentar o primeiro número de “Cátedra. Revista eumesa de estudos”, foi un gran reto, pois aínda que nacía cunha solida vontade de perennidade, eran moitos os escépticos que opinaban que era un luxo para unha vila tan pequena, e pensaban que iba dirixida a unha minoría, polo que predecían unha vida moi limitada para a revista.

Grazas ao empeño dos diferentes concelleiros de cultura –Xesús López Piñeiro, Ramón Yáñez, Antonio Freijomil, Agustín Vilariño e un servidor– e sobre todo os Consellos de Redacción da revista, o balance sen temor a equivocarme pode calificarse de éxito rotundo, evidenciando o grao de madurez alcanzado pola nosa comunidade.

Decenas de traballos de investigación viron a luz neste fructífero período. Cátedra, convértese nun referente obrigado da nosa cultura, non podendo prescindir dela a hora de escribir a historia da nosa Vila.

Meu agradecemento a todos os colaboradores, investigadores e patrocinadores, pola súa capacidade de investigación e de divulgación dos seus coñecementos facendo que Cátedra chegue a todos os públicos. Reitero un ano máis a invitación a todos aqueles investigadores que teñan algo novo que contar das nosas raíces e da nosa memoria histórica.

Capítulo aparte merecen os membros dos Consellos de Redacción da revista: Alexandre Cainzos, Carlos de Castro, Andrés López Calvo, Francisco Correa, Sindo Vilariño, Rocío Pena. A débeda dos eumeses polo seu traballo e dedicación e impagable, penso que a futura corporación municipal, valore os seus esforzos a prol da cultura, e lles conceda a Medalla de Ouro da Cultura do noso Concello. A proposta queda feita.

Pola miña parte como alcalde e como eumés, estou moi satisfeito e agradezco por todo o que estes vinte anos se fixo no eido da cultura eumesa.

Belarmino Freire Bujía
Alcalde de Pontedeume